

UNHA CAIXA MISTERIOSA

Texto de JORDI GASTÓ

Ilustracións de CHRISTIAN INARAJA

Tradución de XOSÉ BALLESTEROS

Cartón con esquinas redondeadas. 17,5 x 22 cm. 22 páx. 12 €

[Unha caixa misteriosa](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-351-6. Prelecturas. Acartonados.

[Una caja misteriosa](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-352-3. Prelecturas. Acartonados.

[Una capsa misteriosa](#) (català)

ISBN 978-84-10387-03-4. Prelectures. Cartró.

Unha caixa ben pechada

Ana atopou no xardín.

Quizais confeti e doces;

talvez globos e patíns.

Que misterio! Que gran dúbida!

Que se gardaría alí?

Pode que un gorro de la

ou un papagaio a bulir...

Un divertido conto rimado e acumulativo sobre o poder ilimitado da imaxinación.

«Unha caixa misteriosa» encerra todo un mundo de posibilidades. O seu contido é infinito; tanto como o que alcanza a curiosidade, a fantasía, a capacidade creativa para desenvolver grandes aventuras. Un novo libro acartonado de Jordi Gastó e Christian Inaraja tras «Un gran día de pesca» e «Se che pica un mosquito», cheo de ritmo e humor, gozo e ledicia, que invita a experimentar novas sensacións.

A partir dun obxecto tan simple, a protagonista deixa de estar soa para rodearse, primeiro, de elementos relacionados co xogo, a festa, a diversión. Ao paso das páxinas, medra o caudal de ilusión incorporando personaxes, aventuras, maxia, escenarios remotos, misterio, emoción, risco, música... Nunca en tan pouco espazo couberon tantas historias!

Como nos títulos precedentes, as ilustracións destacan pola súa expresividade e potencia comunicativa, cunha pequena homenaxe ao clásico «[Onde viven os monstros](#)», de Maurice Sendak. De trazos sinxelos, son estruturas deliberadamente básicas e imperfectas, con cores planas e intensas que acentúan o carácter lúdico do texto.



■ **Temática:** o poder da fantasía e da imaxinación.

■ **Idade recomendada:** dende 2 anos.

■ **Aspectos destacables:** texto rimado e acumulativo; xogo libre, diversión, creatividade, curiosidade, aventuras, misterio, humor; dos autores de «[Se che pica un mosquito](#)» (XVII Premio Frei Martín Sarmiento de Literatura Infantil) e «[Un gran día de pesca](#)»; do ilustrador de «[Sete monstros e un gato](#)», «[A que sí!](#)», «[Oi Eloi!](#)» e «[Cándido e os demais](#)» (XI Premio Compostela e 1º Premio Nacional de Edición Infantil-Xuvenil 2019).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/unha-caixa-misteriosa-gal>

Jordi Gastó

(Barcelona, 1976)

A súa formación abrangue o teatro, o cine, os clásicos e a poesía. Autor e guionista vocacional, escribiu libros, cómics, álbums ilustrados, contos para revistas infantís e xuvenís, e guiños para espectáculos musicais estreados en España e Francia. Xunto con Christian Inaraja creou o personaxe do Señor Pot, que se publica en Cavall Fort dende 2005. Recibiu, entre outros, o Premio Internacional Benicarló 2020 e o Premio Frei Martín Sarmiento 2021. Dedicase profesionalmente á música clásica como coordinador artístico en concertos, óperas e ballets con xiras por Europa e Estados Unidos.

<https://linktr.ee/jordigasto>

Christian Inaraja

(Vic, 1972)

Ilustrou máis dun cento de libros traducidos a varias linguas, ademais de colaborar en revistas infantís e xuvenís. Realiza ilustracións para carteis, prensa, publicidade, paquetería... Recibiu, entre outros, o Premio Serra d'Or (2022), o XI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado (2018) por «Cándido e os demais», que tamén obtivo o Premio Nacional de Edición Infantil-Xuvenil (2019), o Premio Junceda (2013 e 2022), o Premio Internacional de Álbum Ilustrado Ciutat de Benicarló (2020) e Propostas VEGAP (2013). A súa obra figura na Lista de Honra IBBY. Foi codirector, dende o seu inicio en 1998 ata 2018, do Festival Europeo de Curtametraxes de Reus. É profesor de Ilustración na Escola d'Art i Disseny ILLA de Sabadell e membro do comité executivo de IBBYcat.

<http://www.inaraja.com>